



Teaching Guide				
Identifying Data				2021/22
Subject (*)	Physical Expression and Curriculum Adaptations	Code	652G02026	
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Third	Optional	4.5
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Carretero García, Miriam	E-mail	miriam.carretero@udc.es	
Lecturers	Carretero García, Miriam	E-mail	miriam.carretero@udc.es	
Web	campusvirtual.es/moodle/			
General description	<p>A materia ?Expresión corporal e adaptacións curriculares? forma parte dos estudos do Grao en Educación Primaria no módulo de ?Educación Física?. Trátase dunha materia optativa da mención de Educación Física. Impártese no terceiro curso, é unha materia de 4,5 créditos, o que representa 112 horas de traballo do estudante. Esta materia facilitará ao alumnado comprender a relevancia do traballo da expresión corporal no eido da educación integral do neno así como analizar os beneficios da súa práctica. Por outra banda coñecera as distintas adaptacións curriculares a realizar na Educación Física para o alumnado con diversidade funcional. O alumnado adquirirá unha serie de competencias para o deseño de propostas educativas de expresión corporal así como para confeccionar adaptacións curriculares individuais en nenos con N.E.E.</p>			
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informales e colaborar no seu tratamento.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.



A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A56	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.
A57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física.
A58	Coñecer o currículo escolar da educación física.
A59	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.
A60	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
A61	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer a terminoloxía básica e os conceptos elementais da expresión corporal así como recoñecer as distintas adaptacións curriculares aplicadas nos alumnos con dificultades a nivel motor, psíquico e social.	A4 A6 A57 A58		
Analizar e experimentar os beneficios das prácticas de expresión corporal nos alumnos sen e con necesidades educativas especiais.	A6 A12 A13 A14 A23 A57 A59 A60 A62 A64 A65	B5 B6 B14 B17 B21 B23	C4 C6
Experimentar as distintas posibilidades de movemento do corpo como elemento de expresión e comunicación.	A8 A13 A14 A57 A58 A60 A62 A64 A65	B1 B17 B22	
Capacitar ao alumno para o deseño e creación de propostas educativas de expresión corporal e confección de adaptacións individuais curriculares necesarias en nenos con N.E.E.	A13 A56 A58 A60 A61 A63 A65	B1 B2 B3 B11 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B22 B24 B25	C3 C4
Fomentar a actitude de análise crítica da información extraída sobre a concepción do modelo de corpo dominante nos medios de comunicación e na sociedade actual, ademais de analizar as barreiras arquitectónicas que dificultan as posibilidades do movemento.	A7 A10 A13 A14 A15 A23	B12 B13 B14 B15 B16	C4 C6 C7 C8



Contents	
Topic	Sub-topic
TEMA 1. Marco histórico e conceptual da Expresión Corporal.	-
TEMA 2. A Expresión Corporal como contido de Educación Física en Educación Primaria.	-
TEMA 3. A Expresión Corporal e as súas implicacións didácticas.	-
TEMA 4. Propostas prácticas de intervención para o traballo de Expresión Corporal en Educación Primaria.	-
TEMA 5. As adaptacións curriculares para os alumnos con necesidades educativas especiais.	-

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A23 A57 B13 C4	2	0	2
Short answer questions	A4 A7 A8 A58 A64	2	4	6
Document analysis	B1 B11 B12 B15 B18 B23 B24 C6	2	2	4
Collaborative learning	A12 A13 A56 A63 B13 B14 B16 B17 C4	5	17.5	22.5
Guest lecture / keynote speech	A10 A57	7	35	42
Supervised projects	A6 A15 A23 A61 A62 A65 B1 B18 B19 B22 B25 C3 C4 C7 C8	2	8	10
Field trip	A7 A13 A56 A58	5	5	10
Physical exercise	A14 A59 A60 A61 B2 B3 B5 B6 B21	6.5	6.5	13
Personalized attention		3	0	3

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Actividades que se realizarán ao inicio da materia a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado en relación á Expresión Corporal, coñecer cales son as súas experiencias previas coa mesma e así poder partir dun punto que permita favorecer a aprendizaxe significativa.
Short answer questions	Ao longo do curso iranse expondo aos alumnos diversas probas ou traballos breves de aula para comprobar o seguimento dos contidos da materia. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidos nas probas realizadas durante o curso.
Document analysis	Utilizaranse diversos documentos audiovisuais e bibliográficos relevantes para a temática da materia e que co seu análise aportarán coñecementos e contribuirán o desenvolvemento das competencias marcadas para a mesma.
Collaborative learning	Desenvolveráanse un ou varios traballos en pequeno ou gran grupo guiados polas docentes en varias sesións coa finalidade de potenciar o traballo autónomo do alumnado. Este traballo poderá involucrar a outras materias da mención en Educación Física.



Guest lecture / keynote speech	Exposición oral por parte das profesoras, dos contidos da materia de Expresión Corporal e adaptacións curriculares. Isto complementarase con infografías e vídeos, ao tempo que se buscará a implicación do alumnado a través das preguntas e o debate, de forma que se favoreza a reflexión e o pensamento crítico.
Supervised projects	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O traballo realizarase en grupos. As profesoras especificarán con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.
Field trip	Actividades desenvolvidas en espazos distintos ao contorno académico universitario habitual (espazos de espacial interese natural e/ou patrimonial para a realización de actividade física de forma interdisciplinar) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de propostas didácticas, a valoración de riscos e impacto ambiental de actividades realizadas con grupo de alumnos, etc.
Physical exercise	Metodoloxía baseada na posta en práctica de sesións de actividade física para que os alumnos poidan impartilas (función docente), experimentalas (análise da pertinencia dos contidos) ou observarlas (procesos de avaliación e control). Trátase dunha metodoloxía fundamentalmente práctica, pero cunha intención de reflexión e aplicación dos aspectos teóricos relacionados.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects Short answer questions Field trip Collaborative learning	<p>Nas probas de resposta breve atenderanse tódalas dúbidas individuais ou grupais dos contidos da materia.</p> <p>Aprendizaxe colaborativa: durante a realización destes traballos o profesorado atenderáse a todas as dúbidas que poidan xurdir a través das canles habilitadas para este efecto, potenciando na medida do posible, o traballo autónomo do alumnado.</p> <p>No caso de que o alumnado imparta sesións prácticas, solicitará á revisión das mesmas antes da súa posta en práctica. A profesora realizará as suxestións que considere necesarias para a mellora das mesmas e realizará observacións a cada un dos alumnos/as sobre a forma de pór en práctica as distintas actividades. Ao final de clase, poranse en común co resto do grupo aqueles aspectos salientables relacionados coa docencia que xurdisen no desenvolvemento da sesión.</p> <p>No caso dos traballos tutelados, os alumnos poden solicitar titorías grupais para revisar o traballo. A profesora poderá realizar suxestións ou solicitar modificacións, que deberán ser aprobadas antes da entrega definitiva.</p> <p>A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, tendo o alumno a posibilidade de seleccionar cales deles quere empregar, en función das súas necesidades e posibilidades de comunicación: titorías en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Moodle.</p> <p>Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas.</p>

Assessment



Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Supervised projects	A6 A15 A23 A61 A62 A65 B1 B18 B19 B22 B25 C3 C4 C7 C8	635/10000 Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha sesión ou proposta docente (segundo o profesorado estime conveniente) na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física respecto da expresión corporal e as adaptacións curriculares necesarias para casos concretos, segundo os principios vistos en clase. O traballo realizarase en grupos. O profesorado especificará con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	40
Short answer questions	A4 A7 A8 A58 A64	Ao longo do curso iranse expondo ao alumnado diversas probas ou traballos breves de aula para comprobar o seguimento dos contidos da materia. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas durante o curso.	30
Collaborative learning	A12 A13 A56 A63 B13 B14 B16 B17 C4	Desenvolveránse un ou varios traballos en pequeno ou gran grupo guiados polo profesorado en varias sesións coa finalidade de potenciar o traballo autónomo do alumnado. Este traballo poderá involucrar a outras materias da mención en Educación Física.	30

Assessment comments

Primeira oportunidade: Para acceder á avaliación descrita anteriormente, será obrigatoria a participación no 80% das horas presenciais da materia. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que fagan media entre eles.

Segunda oportunidade: Ao alumnado participase nun 80% das horas presenciais na primeira oportunidade, conservaráselle as cualificacións que alcanzasen a puntuación mínima sinalada polo profesorado. Terá que repetir as partes da avaliación nas que non alcanzase ese mínimo.

O alumnado que non participe no 80% das horas presenciais da materia (xa sexa alumnado a tempo parcial, con dispensa académica de exención de asistencia ou por outros motivos), ten á súa disposición un modelo de avaliación alternativo, que será o mesmo para ambas as oportunidades: proba mixta (100%), realizada na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e na que se deberá demostrar o dominio dos contidos teórico-prácticos da materia. A proba mixta terá dúas partes e será preciso aprobar ambas para facer media e superar a materia.

En ambas oportunidades a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

NOTA: as metodoloxías de ?Práctica de actividade física? e

?Saídas de campo? están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporaránse ás metodoloxías ?Aprendizaxe colaborativa?, ?Sesión maxistral?, ?Presentación oral?, ?Traballos tutelados?, ?Probas de resposta breve?).





Basic

Esta bibliografía é orientativa e poderá ser ampliada polo profesorado ao comezo da materia. Alvarado Gil, M. (2011). La atención a la diversidad. Revista Digital Innovación y Experiencias Educativas.(42), 1-10. Antolín Jimeno, L. (2013). Expresión Corporal. Fundamentos Motrices. Valencia: Universitat de València. Arnaiz, P. (2000). Hacia una educación sin exclusión. En A. Miñambres y G. Jové (coords.) La atención a las necesidades educativas especiales: de la Educación Infantil a la Universidad. Lleida: Fundació Vall i Universitat. Arnaiz, P. (2005a). Atención a la diversidad. Programación curricular. Costa Rica: EUNED. Arnaiz, P. (2005b). Educación inclusiva: Una escuela para todos. Málaga: Aljibe. Arteaga Checa, A., Viciano Garófano, V., & Conde Caveda, J. (1997). Desarrollo de la expresividad corporal. Tratamiento globalizador de los contenidos de representación. Barcelona: INDE. Arteaga, M. (2003). Fundamentos de la expresión corporal ámbito pedagógico. Granada: Grupo Editorial Universitario. Arufe, V. (2011). Propuesta de actividades psicomotrices adaptadas a los niños con Necesidades Educativas Especiales dentro del aula de Educación Física. Revista digital de Educación Física EmásF(11), 1-13. Asún, S. (2001). La integración en la Educación Física: Una realidad a tener en cuenta. Revista de Educación Física(82), 31-33. Barrena, P. I. (2010). Adaptaciones curriculares en Educación Física. Revista Autodidacta(4), 84-92. Bernal, J. A. (2002). El profesor de educación física y el alumno sordo. Sevilla: Wanceulen. Cachadiña Casco, M. P. c., Rodríguez Terrón, J. J., & Ruano Arriagada, K. (2006). Expresión corporal en clase de Educación Física. Sevilla: Wanceulen Cañabate, D., & Soler, A. c. (2017). Movimiento y lenguajes. De la experiencia sensorio-perceptiva a la conciencia y el pensamiento. Barcelona: Graó. Castañer, M. (2000). Expresión Corporal y danza. Barcelona: INDE. Cuadrado Gordillo, I., Davara Rodríguez, L., López Risco, M., & Murillo Gil, M. (1998). Alumnos con necesidades educativas especiales. Tomo I. Guía de adaptación de materiales didácticos. Badajoz: INDUGRAFIC. Cumellas, M., & Estrany, C. (2006). Discapacidades motoras y sensoriales en Primaria. La inclusión del alumnado en Educación Física. 181 Juegos adaptados. Barcelona: INDE. Hanscom, A. (2016). Balanced and barefoot : how unrestricted outdoor play makes for strong, confident, and capable children. New Harbinger Publications. Hernández Vázquez, F. J. (2012). Inclusión en Educación Física: las claves del éxito para la inclusión del alumnado con capacidades diferentes. Barcelona: INDE. Larraeta Ramos, B. c., Sierra Zamorano, M. A., & Ruano Arriagada, K. (2005). Los contenidos de Expresión Corporal. Barcelona: INDE. Learreta, B. c., Ruano, K., & Sierra, M. A. (2006). Didáctica de la Expresión Corporal. Talleres monográficos. Barcelona: INDE. Linares, P., & Arraez, J. c. (1999). Motricidad y necesidades especiales. Granada: Aemne. Lledó, A. (2008). La discapacidad auditiva. Un modelo de educación inclusiva. Barcelona: Edebé. López, S. (2018). Esencia : diseño de espacios educativos : aprendizaje y creatividad. Ediciones Khaf. López Pastor, V. M.; Pedraza González, M. A.; Ruano Herranz, C. y Sáez Laguna, J. (Coords.) (2017). Educación Física y Dominios de Acción Motriz: unidades didácticas. Miño y Dávila. López Pastor, V. M. (Coord. . (2016). Programar por dominios de acción motriz en educación física. Miño y Dávila. López Pastor, V. M. (Coord. . (2006). La evaluación en educación física: revisión de los modelos tradicionales y planteamiento de una alternativa : la evaluación formativa y compartida. Miño y Dávila. Mateu Serra, M., Durán Delgado, C., Troguet Taull, M., & Cases Castillo, O. (1999). 1000 Ejercicios y juegos aplicados a las actividades corporales de expresión. (4ª ed.). Barcelona: Paidotribo. Montávez Martín, M. (1998). Expresión Corporal. Propuestas para la acción. Málaga: Re-Crea y Educa. Montávez Martín, M., & Zea Montero, M. J. c. (2004). Recreación Expresiva. Málaga: Re-Crea. Montesinos Ayala, D. (2004). La expresión corporal. Su enseñanza por el método natural evolutivo. Barcelona: INDE. Motos Teruel, T., & G. Aranda, L. (2001). Práctica de la Expresión Corporal. Ciudad Real: Ñaque Editora. Narváez Sánchez, M. C. (2011). La atención a la diversidad en el aula: niños TDAH. Revista Digital Innovación y Experiencias Educativas.(40), 1-14. Ortiz Camacho, M. M. (2002). Expresión corporal. Una propuesta didáctica para el profesorado de Educación Física. Granada: Grupo Editorial Universitario. Ortiz, R., Pérez, O., Calle, A., Fernández, F., & Muñoz, E. (2002). La escalada: una propuesta de integración con deficientes visuales. Revista Integración(38), 35-43. Pedraza González, M. A. y Torres García, D. (Coords.) (2005). Sendas educativas con un carácter globalizador : experiencias para educación infantil y primaria. Miño y Dávila. Pérez, D. (2004). La atención a la diversidad en Educación Física. Sevilla: Wanceulen. Pérez Turpín, A., & Suárez Llorca, C. (2004). Educación física y alumnos con necesidades educativas especiales. Sevilla: Wanceulen. Pierre, J. d. (2007). Educación Física y discapacidades motrices. Barcelona: Inde. Porras, R. (1998). Una escuela para la integración educativa. Una alternativa al modelo tradicional. Sevilla: MCEP. Rebullido, T. R., & Lameiro, C. V. (2016). El Flashmob como propuesta de innovación educativa en expresión corporal y danza. Retos. Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación(29), 126-128. Ridocci, M. (2009). Expresión Corporal. Arte del Movimiento. Las bases prácticas



del lenguaje expresivo. Madrid: Biblioteca Nueva. Ríos Hernández, M., Ruíz Sánchez, P., & Carol Gres, N. (2014). La inclusión en la actividad física y deportiva. Barcelona: Paidotribo. Rodríguez Catejón, J. J. (2009). La atención y tratamiento de las necesidades educativas especiales en los elementos de acceso al currículo y en los elementos básicos del mismo (objetivos, contenidos, criterios de evaluación y metodología) en Educación Física. *Revista Digital de Educación Física y Deporte*, 133, 1-7. Romero Lacal, J. L. (2011). La educación en España. Análisis, evolución y propuesta de mejora. *Revista Digital Innovación y Experiencias Educativas*.(42), 1-9. Romero Martín, M. R. (2015). Expresión corporal en Educación Física. Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza. Ruano, K., & Sánchez, G. C. (2009). Expresión Corporal y Educación. Sevilla: Wanceulen. Ruiz González, L. (2011). Adaptaciones curriculares en alumnos con asma en las clases de Educación Física. *Revista Digital de Educación Física y Deporte*(155), 1-6. Sanz Redín, C. (2004). Aquí jugamos todos: una propuesta para la integración de alumnos con discapacidad motriz en las sesiones convencionales de educación física. Alpedrete: Pila Teleña. Tierra Orta, J. e. a. e. (2012). Las actividades físicas adaptadas: un medio adecuado para mejorar la inclusión en los centros educativos. Huelva: Universidad de Huelva. Timón Benitez, M., & Hormigo Gamarro, F. c. (2010). La atención a la diversidad en el marco escolar. Sevilla: Wanceulen. Vegas González, G. (2011). Estrategias de trabajo con parálisis cerebral. *Revista Digital Innovación y Experiencias Educativas*.(43), 1-11. Zuhrt, R. (1986). Educación del movimiento y del cuerpo en niños discapacitados físicamente. Buenos Aires: Panamericana. -->



Complementary	
---------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Curriculum Design and Development in Physical Education/652G02014

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Fine Motor Games/652G02025

Subjects that continue the syllabus

Introduction to Sports/652G02036

Physical Education and Leisure /652G02035

Other comments

No caso de que se solicite entregar algún traballo impreso, teranse en conta as seguintes recomendacións: non utilizar plásticos, elixir impresión a dobre cara e empregar papel reciclado. Na medida do posible, evitar a impresión de borradores.

NOTA: as metodoloxías de ?Práctica de actividade física? e ?Saídas de campo? están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporaránse ás metodoloxías ?Aprendizaxe colaborativa?, ?Sesión maxistral?, ?Traballos tutelados?, ?Probas de resposta breve?).

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.